

LINGUA GALEGA-UNIDADE 13-Quincena del 27 de abril a 10 de maio.

PROGRAMACIÓN DIARIA:

28/4:

Páx. 188/189: Lectura nº 13- “Unha cenoria moi grande”

- Como en unidades anteriores, lerlles o conto unha vez, logo que o lean eles en voz baixa. Logo, que lean en alto, mellor por anacos, parar e continuar (é moi longo para lelo en alto dunha vez para a maioría).
- Os que teñen maiores dificultades coa letra, facerlle unha lectura guiada por anacos pequenos

Páx.190: Comprensión da lectura (como na unidade anterior, ler amodo, pensar a resposta, e escribila ordenada e con boa letra.

Páx. 191: Ex. 5 unicamente.

29/4:

Páx. 186: Observamos os detalles da lámina, unha horta!

- Lemos as cuestións, podemos copialas. Pensamos en voz alta as respostas e as escribimos con coidado: A letra, as maiúsculas, o sentido, etc.
- Lemos e podemos copiar o vocabulario das plantas da horta da páxina 187. Descubrimos as outras hortalizas da imaxe. Debuxámolas con coidado.

Páx. 187:

- Ex. 2 e 3: No ex.3 lerlles unha palabra de cada parella e que lle dean cor. Alternativamente, coller seis cores e ir pintando con cadanseu a palabra que se lles dite.
- Poden debuxar e escribir os nomes das froitas do exe.1. Logo poden escribir unha frase con cadansúa.

Opcional: Pódese inventar un pequeno texto, e lerllo, ou simplemente inventar unha composición da macedonia que leve catro das froitas representadas. Deben riscar a non mencionada.

30/4:

Páx. 191: Lectura do “Pequeno Teatro”.

- Como en lecturas anteriores, asignarlle de cada vez un personaxe distinto ao neno/a, representando os demais os que estean por casa, se poden. Se non, intentar teatralizar imitando voces distintas con cada personaxe. Este podería ser un “desafío”, para os máis “soltos”, na lectura, que poderían facer dous personaxes.

Páx. 192:

- Ex.1: Descrición dunha planta (hortaliza). Elixir as palabras axeitadas, e completar a descrición que se fai.
- Ex. 2: Boa letra!
- Poden, ademais. Elixir dúas froitas ou hortalizas que teñan na casa e describilas seguindo o exemplo. Facer o debuxo de cadansúa.

5/5:

Páx. 193: Uso do **m** antes de **b**.

- Lemos en alto o ditado, rodeamos mb, e logo copiamos con boa letra. Debuxamos.
- Ficha de repaso/reforzo. (Como de costume, de non poder imprimirse, escribir as respostas nun caderno/folio). Ficha **ortogr05**.

6/5:

Páx. 194: Lectura da poesía “As flores vanse vestir”.

- Lectura e comprensión da poesía. RETO: ler con entonación, destacando a rima dos versos.
- Nun folio separado: copiar a poesía, prestar atención aos versos, separar as estrofas. Deixar espazo para debuxar as flores. Poden usar rotuladores, cores, etc, e decorar a páxina en “plan maio”. Lembremos 1º de maio, “aí ven o maio”.
- Para “destemidos-as”, facer a copia “a boli”, ...

NOTA: Non dedicar ao conxunto do traballo máis dunha sesión de clase, isto é uns 40 minutos. Rematarase ao día seguinte.

7/5:

Páx. 195: Partes dunha oración, **O SUXEITO**, é dicir “**Quen fai algo?**”

- Buscamos o os suxeitos para cada acción que se presenta.
- No ex.3 imaxinamos un suxeito axeitado ao resto da oración.
- Rematamos o traballo da poesía da data anterior.
- Facemos a ficha de reforzo/compreensión/repaso **ortogr06**.

Complementariamente: Escribimos varias accións dentro dunha oración ás que lles falte o “quen?” (o suxeito), que teñen que adiviñar e escribilo. Ao revés, poderían escribir unha acción para un “quen?” que lles damos. Poderíamos buscar unha acción que induza á dúbida sobre se é unha persoa, un animal ou unha cousa.

8/5:

Páx. 196: Lemos a descrición do xirasol, e completamos a ficha, seguindo as indicacións.

- RECURSO: A cada indicación asignámoslle unha cor, buscamos a resposta no texto, subliñamos, e cando temos claras as respostas, completamos a ficha.
- OPCIONAL. Describir unha planta ou buscar unha breve descrición dalgunha, e facer unha ficha seguindo o modelo.

Páx. 197: Resumo da unidade 13.

- No ex.3, primeiro pensar ben cal é e como é a froita preferida. Logo facer unha descrición seguindo o modelo da páxina 192 ou 196, pero **ollo!** Só temos dúas liñas.
- Para quen o desexe, a ficha **ortogr07**, de asociación de ideas.

INFORMACIÓN CULTURAL:

Esta semana, o día 1, será o día da “**Festa dos Maíos**”. Anque na nosa contorna non se celebre en exceso, non está de mais ter un pouco de coñecemento dela.

Achegamos varias direccións e documentos onde informarnos

- Nas páx. 9 á 12, “Festa dos maíos”

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesriocabe/system/files/u1/Filosofia/costumes%20e%20tradicions%20de%20galicia.pdf>

Facendo **en Google a busca “a festa dos maíos**”, danos acceso a varios vídeos e bastantes imaxes das celebracións de anos anteriores. Ao mellor da unha boa idea para aqueles que vivides no rural.

Como nos achegamos ao Día das Letras Galegas, que este ano vai resultar un pouco pobre, achegámosvos un enlace a unha ampla fonte de recursos sobre contos, lendas, tradicións, etc. que inclúe algunhas actividades e xogos:

<https://galiciaencantada.com/categorias.asp>

<https://galiciaencantada.com/categoria.asp?cat=36>

Onde temos unha manchea de lérias e enredos para memorizar e recitar. Ás veces sae algún por clase e agora é un bo intre para practicalos (para acompañar as saídas en solitario polas rúas...)

Acompañamos o traballo da quincena cunha canción referidas aos maios. Cun pouco de imaxinación pódese cambiar un pouco a letra e sacar unha cantiga nova...